

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA
DE GOBERNO LOCAL EN DATA 13 DE XULLO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día trece de xullo do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas foi presidida ante a ausencia deste, polo 1º Tte-Alcalde D. Miguel A. Español Otero, asisitindo a mesma os seguintes concelleiros membros deste órgano:

- Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia Mª Carrasco Glez.-
Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACION ACTA SESION ANTERIOR.-(Ord. 05/07/07)

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 5 de xullo ó que responden negativamente tódolos concelleiros presentes na mesma polo que a referida acta foi aprobada.

PUNTO 2.- ASUNTOS URBANÍSTICOS

Lese o escrito RE 4.417 de data 14 de xuño de 2007, presentado por D. JOSÉ MANUEL DURÁN PRIETO, en nome e representación da entidade mercantil IMERYS KILN FURNITURE ESPAÑA, S.A., informando que non procede a urbanización pretendida por Prefabricados Luis Barros, S.L. no lugar de Val de Arriba posto que o camiño que califican de público e que atravesa a propiedade de IKF España non é tal. Solicitan asimesmo que se lle dea traslado de tódolos acordos e resolucións que se adopten neste expediente.

A Xunta de Goberno Local acorda que se elabora un informe polos servizos técnicos municipais.

Lese o escrito RE 4.988 de data 6 de xullo de 2007, presentado por D. NORBERTO GÁNDARA PENELA, con enderezo na rúa Morán, nº 21 de o Rosal, solicitando copia dos planos do edificio promovido por DOMPROPER na rúa Coruña, nº 2.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a que consulte o expediente nas dependencias municipais, previa solicitude de data para facelo.

Lese o escrito RE 4.834 de data 2 de xullo de 2007, presentado por D. CARLOS A. GARCÍA NOVIO, actuando en nome e representación de URBANIZADORA PENINSULAR, S.L., con enderezo a efectos de notificacións na rúa Amio, nº 114, Parque Empresarial Costa Vella de Santiago de Compostela, formulando determinadas alegacións o escrito de denuncia presentado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra este Concello pola concesión de licencia e esta empresa.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e sinálalle á empresa que adopte contra o denunciante as medidas que considere oportunas.

Lese o escrito RE 5.124 de data 11 de xullo de 2007, presentado por DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OO. PP. E TRANSPORTES - SERVIZO DE PROTECCIÓN DO LITORAL, achegando copia da denuncia formulada polo Servicio de Costas da Administración do Estado por presunta infracción para que por parte deste Concello se emita informe dos feitos denunciados (construcción de galpón en Punta Tecla).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado á Urbanismo para que elabore informe e se remita a maior brevidade posible.

PUNTO 3.- ACORDOS

Dase conta do escrito RE 5.201 de data 12 de xullo de 2007, presentado polo CONCELLO DE TUI, xuntando cédula de notificación do consumo de auga do mes de abril correxindo a remitida en data 7 de maio posto que non contemplaba o IVE, de tal xeito que o total do consumo ascende a 7.485,96 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dito consumo e que se proceda o seu pago.

Lese o escrito RE 3.954 de data 30 de maio de 2007, presentado por D. GERARDO ALVAREZ MARTÍNEZ, na súa calidade de presidente do Clube Ciclista O Rosal, con enderezo a efectos de notificación na rúa Trav. Brasil, nº 3 de A Guarda, solicitando colaboración económica, material e persoal para o XXI trofeo Festas do Trega que se celebrará o día 9 de agosto na Sangriña.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o circuito será o mesmo que o do ano anterior, que a axuda económica lla facilitará a Comisión de Festas e que este Concello vai colaborar cos medios materiais e persoais dispoñibles.

Lese o escrito RE 4.383 de data 13 de xuño de 2007, presentado por ASOCIACIÓN CULTURAL DO PEIXE ESPADA, con enderezo na rúa Manuel Alvarez, nº 16-baixo de A Guarda, solicitando a colaboración do Concello de A Guarda na celebración da XI Edición da Festa do Peixe Espada que se celebrará o día 29 de xullo na explanada do Porto.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder á súa solicitude dando traslado deste acordo á Policía Local e o responsable de servizos do Concello.

Lese o escrito RE 3.182 de data 8 de maio de 2007, presentado por D. BUENAVENTURA NÚÑEZ GONZÁLEZ, con enderezo na rúa do Porto, nº 30-3º de A Guarda, solicitando a devolución do aval depositado para responder das obrigas derivadas da construción de edificio de dúas vivendas na rúa Coruña unah vez transcurrido o periodo de garantía.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RE 5.203 de data 12 de xullo do 2007, presentado pola ASOCIACIÓN CULTURAL VIRXE DA GUÍA , con enderezo social na praza de A Guía, nº 23 de A Guarda, solicitando permiso para a celebración das festas que se celebrarán os vindeiros días 7, 8 e 9 de setembro, subvención para as mesmas e a colaboración da policía Local e protección civil para os distintos actos que se van a levar a cabo con motivo da celebración das festas da guía (procesións, carreira pedestre, tirada de fogos...). Asimesmo solicita a limpeza da praza e rúas polas que transcurre a procesión e o lavadoe cambio de ubicación de varios contenedores.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder como en anos anteriores e dar traslado á Policía Local. A subvención será a fixada nos orzamentos cumprindo cos requisitos esixidos.

Dase conta do escrito RE 5.202 de data 12 de xullo do 2007, presentado pola ASOCIACIÓN CULTURAL VIRXE DA GUÍA , con enderezo social na praza de A Guía, nº 23 de A Guarda, solicitando, con motivo das carreiras pedestres, :

- Permiso para a celebración da carreira
- Valos para colocar na praza para a carreira o día 2 de setembro.
- Colaboración da Policía Local e Protección Civil para controla-la carreira e situarse nos cruces.
- Presenza dunha ambulancia que poida seguir a carreira

A Xunta de Goberno Local acorda acceder como en anos anteriores e dar traslado a Policía Local.

Lese o escrito RE 5.205 de data 12 de xullo de 2007, presentado por D. AGUSTÍN LUIS ESPAÑOL GONZÁLEZ, con enderezo na rúa 1ª Transv. Longra, nº 7 de Salcidos en A Guarda, actuando en calidade de Presidente da Asociación Cultural Comisión das Festas de San Roque, solicitando:

- Axuda económica para a celebración das festas os días 18 e 19 de agosto.
- Vallas para o peche do recinto.
- Colaboración da Policía Local para a procesión.
- Disponibilidade de praza da capela de San Roque para a celebración das festas.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se lle concede a subvención nominativa contemplada nos orzamentos. Ademáis se accede ó resto da solicitude e se limpará o recinto das festas.

Lese o escrito RE 4.491 de data 19 de xuño de 2007, presentado por D. AGUSTÍN COELLO GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 85 de A Guarda, solicitando autorización para a colocación de carteis indicadores do local As de Copas.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que neste momento estase en proceso de estudo para regularizar a publicidade na vía pública con carácter xeral.

Dase conta do escrito RE 5.002 de data 7 de xullo de 2007, presentado por ACIGU, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4 de A Guarda, solicitando colaboración da Policía Local para a regulación do tráfico con motivo da III Degustación Gastronómica da Rosca de Xema. Ademáis solicitan material para a recollida de lixo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 4.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. José Mª Álvarez Álvarez.

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D. JUAN MANUEL VICENTE VELASCO, R.E. Nº. 4.290 DE DATA 11 DE XUÑO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE FERNÁNDEZ ALBOR Nº.

2-1º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REALIZAR PECHE PERIMETRAL DE FINCA (PARCELA Nº. 365-POLÍGONO Nº. 22) NUNHA LONXITUDE DE 129,50 MTS. E UNHA ALTURA DE 0,90 MTS. FORMADO POR VIGA DE ATADO DE 30X30, CERRAMENTO DE LADRILLO E FORRADO CON CHAPA DE PEDRA, SITA NO LUGAR DE “CONGRIDO”, EN SOLO NON URBANIZABLE DE INTERESE PAISAXÍSTICO (ORDENANZA Nº. 14 DO P.X.O.U.).

A D. DANIEL LOMBA URIS, R.E. Nº. 3.649 DE DATA 23 DE MAIO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MALTESES Nº. 5 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REFORMAS DA INSTALACIÓN DE FONTANERÍA, ALICATADOS E LOUZA NO CUARTO DE BAÑO E COCIÑA E SACAR O CONTADOR DE AUGA Ó EXTERIOR, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE MALTESES Nº. 5, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A D. ENRIQUE BAZ BAZ, R.E. Nº. 4.447 DE DATA 18 DE XUÑO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE BRASILINO ÁLVAEZ Nº. 1-BAIXO DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA ACONDICIONAMENTO DO SOTO PARA GARAXE CONSISTENTE EN NIVELADO DE PISO CON SOLEIRA DE FORMIGÓN CON FIBRA DE 5 CMS. E PREPARAR ACCESO NA BEIRARRÚA PARA A ENTRADA DOS VEHÍCULOS SITO NA RÚA DE BRASILINO ÁLVAREZ Nº. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A D. MANUEL VICENTE GONZÁLEZ, R.E. Nº. 3.633 DE DATA 23 DE MAIO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE BALIÑOS Nº. 7 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A CUBERTA DO CABANÓN NUNHA SUPERFICIE DE 34,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR AS CHAPAS DE FIBROCEMENTO POR OUTRAS NOVAS E COLOCACIÓN DA MESMA TELLA DO PAIS, SITO NA RÚA DE BALIÑOS Nº. 7, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D. ARMANDO PÉREZ MARTÍNEZ, R.E. Nº. 4.806 DE DATA 2 DE XULLO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE LAXES Nº. 11 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A CUBERTA DO CABANÓN NUNHA SUPERFICIE DE 42,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA POR VIGUETAS PREFABRICADAS, URALITA E TELLA DO PAIS SITO NA RÚA DE LAXES Nº. 11, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CIVIDÁNS” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D. JOSÉ CARLOS RODRÍGUEZ BARROS, R.E. Nº. 4.426 DE DATA 15 DE XUÑO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA DE CAMPOSANCOS Nº. 13 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA REPARAR O ACCESO Ó GARAXE CONSISTENTE NO REPICADO DA SOLEIRA E FORMACIÓN DUNHA NOVA CON RESINAS EPOXI NUNHA SUPERFICIE DE 60,00 M². DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL BECHOS Nº. 8, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 3 DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES ENRIQUE DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ, R.E. N.º. 4.289 DE DATA 11 DE XUÑO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 3º TRV. NETOS N.º. 3 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A CUBERTA CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA E TELLA EXISTENTE POR CORREAS PREFABRICADAS DE FORMIGÓN DE 14X8, CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS COLOCADA CON GANCHOS INOX. E REMATES DE CUMIOS E LIMAS NUNHA SUPERFICIE DE 98,00 M².; NIVELACIÓN DE CAMARAS INTERIORES PARA ANULAR O CAEIRO EXISTENTE DE RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS POR OUTRO DE ALUMINIO E BAIXANTES DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE BRASILINO ÁLVAREZ N.º. 18, EN SOLOURBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.), *PERO NON PODERÁ COMEZAR AS OBRAS ATA FINAIS DO MES DE AGOSTO.*

A D. JOSÉ ANGEL MARTÍNEZ BARBOSA, R.E. N.º. 2.366 DE DATA 9 DE ABRIL DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN N.º. 85 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CUBRIR UNHA TERRAZA NUNHA SUPERFICIE DE 8,00 M²., CONSISTENTE NA FORMACIÓN DUNHA ESTRUCTURA LIXEIRA E ACRISTALADA DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN N.º. 85, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 4 DO P.X.O.U.).

A D. LEOPOLDO AYRIS VELASCO, R.E. N.º. 4.608 DE DATA 22 DE XUÑO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 3º TRANSVERSAL BALIÑOS N.º. 13 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA RETRANQUEO DE PORTAL DE ACCESO Á VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 3º TRASNVERSAL BALIÑOS N.º. 13, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.), *CONDICIONADA A QUE OS MATERIAIS EMPREGADOS SEXAN ACORDES CO ENTORNO.*

A D^a. SILVIA ADROVER PACHECO, R.E. N.º. 4.754 DE DATA 28 DE XUÑO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE POZAS N.º. 4 DE A GUARDA-CP. 36789, PARA REALIZAR PECHE DE PARCELA CON MALLA METÁLICA DE COR VERDE SUXEITA A POSTES METÁLICOS NUNHA LONXITUDE DE 60,00 MTS. LINEAIS E UNHA ALTURA DE 1,00 MTS. NA FINCA SITA NA RÚA DE POZAS N.º. 4, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “A GÁNDARA” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N.º. 9 DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES ENRIQUE DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ, R.E. N.º. 4.982 DE DATA 6 DE XULLO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 3º TRV. NETOS N.º. 3 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 110,00 M²., CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS BARROTILLOS DE CEMENTO POR RASILLÓNS CERÁMICOS E POBLADO DE TELLA PLANA EXISTENTE DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE BALIÑOS N.º. 14, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.).

A D. ADOLFO GÓMEZ GONZÁLEZ, R.E. Nº. 4.533 DE DATA 20 DE XUÑO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE PALOMAR Nº. 32 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA AMPLIAR PORTAL DE GARAXE DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE PALOMAR Nº. 32, EN SOLO URBANO DO NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D. ANGEL LOMBA GIRALDEZ, R.E. Nº. 5.140 DE DATA 11 DE XULLO DE 2007 E CON DOMICILIO NA RÚA DE XUNQUEIRIÑAS Nº. 6 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 113,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS BARROTILLOS DE MADEIRA E TELLA PLANA EXISTENTE POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA DO PAIS, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE XUNQUEIRIÑAS Nº. 6, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “A GÁNDARA” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

PUNTO 5.- LICENCIA DE APERTURA

(Asiste o funcionario don José M^a Álvarez Álvarez)

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por D. CELSO CARRERO CARRERO (RE 1.869 de data 22 de marzo de 2006), para a apertura dun local dedicado a actividade de PINTORES, ESCULTORES, CERAMISTAS, ARTESANOS (Epig. 861.2) situado na rúa Rosal, nº 22.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. CELSO CARRERO CARRERO licencia municipal nº 13/2007 para a apertura dun local dedicado a actividade de PINTORES, ESCULTORES, CERAMISTAS, ARTESANOS (Epig. 861.2) situado na rúa Rosal, nº 22.

PUNTO 6.- LICENCIA DE APERTURA ACTIVIDADE MOLESTA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por GALAICO EXTREMEÑA HOSTELERA, S.L. (R.E. 4.574 de data 04 de XULLO de 2006), para a APERTURA DUN LOCAL PARA A ACTIVIDADE DE CAFETERÍA DE UNHA TAZA (EPIG. 672.3), sito na rúa de Manuel Álvarez, nº 2-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, da Consellería de Xustiza así como da Consellería de Medio Ambiente, a Comisión de Goberno, por unanimidade ACORDA:

Conceder a GALAICO EXTREMEÑA HOSTELERA, S.L., licencia municipal (L.A.M. 5/2007) para a APERTURA DUN LOCAL PARA A ACTIVIDADE DE CAFETERÍA DE UNHA TAZA (EPIG. 672.3), sito na rúa de Manuel Álvarez, nº 2-baixo.

Non habendo máis asuntos a tratar o Sr. Presidente levanta a sesión ás dez horas e corenta minutos do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe.